

Diagnóstico de O Mundo que Queremos

Unha postal escrita a man por Tempo de Loira

Documento elaborado por Tempo de Loira S. Coop. Galega a petición do grupo de entidades que forman parte do equipo de **Cooperación Galega: O Mundo que Queremos**



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste documento sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

Introdución: motivación e obxectivos

Canto se aprende nas viaxes! Aprendemos a movernos por camiños diferentes, a guiarnos falando coa xente. Descubrimos todo o que nos sobra nas nosas maletas e mochilas pero tamén cales son os obxectos imprescindibles que debemos levar en cada viaxe. Botamos de menos á xente que nos foi acompañando ao longo do tempo, pero tamén temos moitas ansias por coñecer ás viaxeiras futuras.

Xa é o noso terceiro ano dentro do equipo de O Mundo que Queremos e entusiásmanos constatar como está a medrar esta proposta. Pensamos que as viaxes nos axudan a ser cada vez máis empáticas, a mellorar nas nosas habilidades para anticiparnos aos imprevistos, pero o mellor de todo é que toda esa aprendizaxe non minguia a nosa capacidade de sorpresa.

Neste terceiro diagnóstico de O Mundo que Queremos tentaremos:

- Resumir moita da reflexión xerada en torno ao propio proxecto: que caracteriza a O Mundo que Queremos? Por que é un proxecto de Educación para o Desenvolvemento?
- Ao tratarse dun proxecto formulado empregando o Enfoque do Marco Lóxico, avaliaremos o propio deseño da intervención.
- Recoller a presentación dos diferentes centros educativos que serán os compañeiros de viaxe deste ano.
- Facer un alto no camiño para valorar a grande experiencia que marcou o arranque desta edición.
- E, no medio de todo iso, realizar unha chuvia de ideas ao aire sobre a propia mellora do proxecto co obxectivo de traballalas de xeito grupal na recta final da intervención.

O Mundo que Queremos

Título: Cooperación Galega. O Mundo que Queremos

Edición: Terceira edición

Marcos institucionais: Dous marcos

- **Plan Proxecta** (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria). Trátase dunha iniciativa que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo. Así, co Plan Proxecta, preténdense agrupar todos os proxectos e iniciativas que o resto de departamentos da Xunta de Galicia impulsan nos centros educativos (a Axenda 21 de Medioambiente, o Programa Quérote de Sanidade, etc.)
- **Subdirección Xeral de Cooperación Exterior** (Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza). O Mundo que Queremos obtén financiamento a través dun convenio de Educación para o Desenvolvemento con esta Subdirección.

Orzamento da intervención: 91.847,34€ totais (85.443,96 € subvencionados pola Xunta de Galicia)

A novidade deste ano: CUBA

Xa levamos tres edicións. Tres Mundos que Queremos, poderíamos dicir; aínda que nestes anos todo o que se construíu foi camiñando na mesma dirección. Sobre o papel, parece que estamos a impulsar o mesmo proxecto, unha e outra vez; pero na práctica, cada ano é moi diferente ao anterior. É coma viaxar. Se viaxamos moito, seguro que imos afianzando unha serie de hábitos: para a busca de destinos, de compañía, para a compra de billetes e incluso pode que teñamos *checklists* para facer as maletas ou ir aos recados do día anterior. Pero seguro que cada unha das nosas viaxes é diferente. Porque sempre o son. O mesmo pasa cos proxectos.

AIR-MAIL O equipo de traballo

Estamos ante unha proposta pluralista conformada por **sete entidades** heteroxéneas e diversas, tanto na súa traxectoria e xeito de entender a Educación para o Desenvolvemento, como na súa forma institucional (fundacións, asociacións e cooperativas de traballo asociado). Porén, hai uns básicos comúns que fan que o equipo traballe sempre na mesma dirección:

en común: o "sen ánimo de lucro"; o traballo cara unha educación transformadora, emancipadora e significativa; a crenza da potencialidade transformadora da Educación para o Desenvolvemento.

Ao longo dos dous anos anteriores vimos que a composición do equipo foise incrementando e afianzando, tanto é así que na nova convocatoria o único que varía son os formalismos. As persoas son as mesmas e as súas tarefas e roles estanse a consolidar. Velaquí un repaso institucional:

2013-2014

O mundo que queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidaridade Internacional (líder)
2. Intervida
3. Mundo Cooperante

· Informalmente, acaban participando moi activamente no proxecto:

1. AGARESO
2. 100tolas (teatro da oprimida)
3. Tempo de Loaira

· O proxecto presentouse á convocatoria de Educación para o Desenvolvemento competindo co resto de Intervencións presentadas polas ONGD galegas (os prazos non permitiron establecer outras alternativas de financiamento, algo que foi un claro punto débil na forma do proxecto).

2014-2015

O mundo que queremos foi un consorcio entre as ONGD:

1. Solidaridade Internacional (líder)
2. Mundo Cooperante
3. AGARESO

· Informalmente, participan dende o principio

1. Educo (antiga Intervida, que non participa formalmente polo tránsito burocrático)
2. Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)
3. 100tolas (teatro da oprimida)
4. Tempo de Loaira

· O proxecto preséntase baixo a forma de convenio coa SXCE, una fórmula máis interesante para a xestión da intervención e máis acorde coa realidade desta proposta.

Agora

O mundo que queremos foi un consorcio entre as ONGD:

4. Solidaridade Internacional (líder)
1. AGARESO
2. Educo (antiga Intervida)

· Informalmente, participan dende o principio

1. Mundo Cooperante
2. Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP)
3. 100tolas (teatro da oprimida)
4. Tempo de Loaira

· O proxecto preséntase de novo baixo a forma de convenio coa SXCE. A novidade deste ano é que, dentro do marco deste convenio se incorpora un intercambio directo cun organismo máis ou menos homólogo en La Habana.

An illustration of an open envelope with a light gray letter inside. The envelope is dark gray and has a triangular flap at the top and bottom. The letter is white with black text.

Querido equipo:

Temos una pregunta: parecevos que estamos no momento de iniciar un proceso desistematización do nacemento e evolución desta experiencia? Pensamos que é importante facer memoria, recuperar memoria e escribir o relato de O Mundo que Queremos

O paradigma da intervención

Un paradigma non son unhas gafas, é a forma na que vemos e entendemos a vida; a canle a través da cal interpretamos, opinamos, analizamos e reaccionamos. Este proxecto enmárcase no paradigma da **Educación para o Desenvolvemento**, e é dende aí dende onde se construíu a proposta.

Neste proceso de diagnóstico conseguíuse, por vez primeira, achegarnos a un concepto de Educación para o Desenvolvemento construído de xeito consensuado entre unha representación do profesorado e do alumnado dos cinco centros educativos que están a participar neste proxecto.

Ante a pregunta “que é para cada unha de vos a Educación para o Desenvolvemento?” expresaron cunha choiva de ideas conceptos tan complexos como:

- **Conciencia crítica:** Chegar máis aló, bondade, empatía, non ao racismo, liberdade de expresión, conciencia crítica, aprender a pensar, aprender a ser.
- **Participación/transformación:** acción/indignación, facer realidade, stop bullying, reflexión compartida entre todas xuntas, innovación.
- **Cidadanía global:** axuda, respecto, solidariedade, compañeirismo, algo a inserir no curriculum, que ser signifique máis que ter, compromiso, educación en valores, paz e amor (educación para a paz).
- **Desenvolvemento humano:** integridade, acceso e uso dos recursos, visión sen estereotipos e tolerancia.

Deste xeito, tras a articulación das súas propias propostas, fixeron propia a definición de Educación para o Desenvolvemento que di:

*A Educación para o Desenvolvemento refírese a un proceso educativo encamiñado a xerar **conciencia crítica** sobre a realidade mundial e a facilitar ferramentas para a **participación** e a **transformación social** en claves de xustiza e **solidariedade**. A Educación para o Desenvolvemento pretende construír unha **cidadanía global crítica**, politicamente activa e socialmente comprometida cun **desenvolvemento humano** xusto e equitativo para todas as comunidades do planeta. Desde esta concepción, que se corresponde co que habitualmente denomínase unha ED de 5ª xeración (Grupo de ED da CONGDE, 2004; Mesa, 2000; Celorio, 2006) con perspectiva de **xénero** e intercultural, débense articular*

novos discursos e prácticas con capacidade para imaxinar modelos alternativos para outros mundos posibles.

Ideas sobre este proceso

- Parécenos un acerto partir dunha definición consensuada. Ser capaces de xerar un espazo no que todos os públicos da intervención lle dediquen un tempo a reflexionar sobre o **paradigma** no que vive esta proposta.
- Entender cal é o concepto central que articulará o traballo durante estes meses axudará ás diferentes persoas a afondar nas reflexións e alcances sobre os que, os por que e os para que dos distintos obradoiros e actividades.

A **Educación para o Desenvolvemento** plásmase neste proxecto a través do seu obxectivo específico número 1:

OE1: Fomento dunha adolescencia galega consciente da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade.

Estamos a falar dun obxectivo complexo conformado por varias metas específicas. En primeiro lugar, o proxecto pretende que os mozos e mozas galegas sexan conscientes das interconexións existentes entre os diferentes territorios dun mundo globalizado¹. En segundo lugar, a proposta márcase como meta que esa consciencia xerada lles leve a tomar consciencia da súa corresponsabilidade na situación.

Se nos centramos no paradigma educativo que estrutura o proxecto, vemos que se trata dunha iniciativa de ED de quinta xeración ou de Educación para a Cidadanía Global, que busca contribuír á comprensión crítica do fenómeno da globalización e promover unha conciencia crítica global para poder definir pautas de participación e acción cidadá fronte a estas dinámicas.

¹Entendendo que o proceso globalizador que estamos a vivir non é o único posible, senón que se enmarca dentro dun réxime político claro dominado polo capitalismo neoliberal.

INDICADORES FORMULADOS PARA A MEDICIÓN DO OBXECTIVO ESPECÍFICO 1	FONTES DE VERIFICACIÓN FORMULADAS
<p>IOV.OE1.1. O 70% do profesorado participante no proxecto afirma que o seu alumnado ten experimentado no curso escolar 2015/16 un desenvolvemento positivo dos valores básicos para a vida e a convivencia e das competencias básicas de acordo ao currículo do nivel educativo secundario.</p>	<p>FV. 1. Informe da avaliación final externa do proxecto (nesta avaliación recollerase esa valoración do profesorado participante e preguntáraselle especificamente se percibiron ese desenvolvemento positivo no seu alumnado. Tamén se recollerán as voces do alumnado intentando valorar se efectivamente son capaces de identificar o seu papel como cidadáns e cidadás dun mundo global e socialmente inxusto).</p>
<p>IOV.OE1.2. O 70% dos 500 alumnos e alumnas participantes no proxecto son capaces de identificar como poden exercer a responsabilidade que teñen coa comunidade tanto local coma global.</p>	
<p>IOV.OE1.3. O 70% dos 500 alumnos e alumnas participantes no proxecto adquiriron habilidades educomunicativas como receptores e emisores de contidos que vinculen as realidades do seu contexto local coas dinámicas globais.</p>	

Para acadar o obxectivo proposto, a lóxica do proxecto entende que se deben incorporar cinco liñas de intervención diferenciada:

- **Establecer un plan de coordinación e comunicación entre ONGD, Subdirección Xeral de Cooperación Exterior e a Consellería de Educación.** Trátase dun proxecto pluralista no tocante ao numero de entidade implicadas, por iso a coordinación debe ser unha liña sólida de traballo, programada e plasmada nun cronograma.
- **Impulsar unha liña de formación ao profesorado implicado para que podan incorporar o discurso da ED nas súas aulas.** Foi unha das claves que se recolleron nas avaliacións anteriores. Houbo un encontro inicial con profesorado e alumnado no que se aproveitou para compartir puntos de vista sobre a ED. Foi unha xornada moi centrada en presentar o propio proxecto e coñecerse mellor entre as persoas implicadas.

- **Crear cinco proxectos educomunicativos (polo menos un por centro educativo) e de denuncia en torno aos ODS e protagonizados polo alumnado.** Nesta liña de intervención é onde se sitúan as intervencións que levan a cabo as diferentes entidades nas aulas dos centros educativos:
 - **1º obradoiro:** Introducción a conceptos clave: ODS, cooperación internacional e radio comunitaria. (Mundo Cooperante e EDUCO)
 - **2º obradoiro:** Obradoiro de fotografía e podcasting. (AGARESO)
 - **3º obradoiro:** Teatro-Foro sobre xénero e migración. (100Tolas)
 - **4º obradoiro:** Encontro con colectivos do Sur. (coordinan ACPP e Solidariedade Internacional)

Ao longo destes catro momentos, e grazas ao acompañamento das persoas técnicas de AGARESO, o alumnado vai construíndo o seu proxecto educomunicativo sobre os diferentes ODS que, para que vaia na mesma liña do obxectivo da proposta, deben incorporar a interconexión existente entre as realidades mundiais.

- **Xerar espazos de intercambio e de coñecemento mutuo entre os diferentes axentes participantes no proxecto.** Se algo é básico na aprendizaxe da Educación para o Desenvolvemento é a necesidade de xerar intercambios presenciais que nos axuden a traballar a nosa capacidade de empatía. Esta liña incorpora tamén a creación dun Plan de Comunicación integral que se dirixa tanto aos públicos internos do proxecto (entidades, profesorado, alumnado) coma á cidadanía galega usuaria dos medios de comunicación galegos. Podemos entender esta liña de acción como intercambios se a xeración desas novas e os impactos en medios propician a colaboración entre os públicos (por exemplo, entrevistas a profesores e profesoras que teñan que prepararala, ou visitas á radio de mozos e mozas). Aínda que os medios de comunicación tradicionais se caracterizan pola unidireccionalidade de quen emite, se esa emisión incorpora un diálogo entre públicos si que poderíamos entender eses espazos como pequenos lugares de intercambio. Haberá, por outro lado, un intercambio final (como nas edicións anteriores) ao que este ano se lle intentará dar un xiro que promova a interacción entre o alumnado dos cinco centros participantes.

- **Xestión do coñecemento sobre a experiencia da intervención de cara á aprendizaxe colectiva.** Unha das claves que definen e caracterizan a este proxecto é a aposta pola xestión sistematizada do coñecemento a través do proceso de diagnóstico, monitoreo e avaliación final de cada intervención. O feito de que o equipo avaliador de Tempo de Loira formemos parte do grupo de traballo tamén permite ter un seguimento e ofrecer un apoio máis seguido; algo que fai que realmente exista un proceso de avaliación continua.

Choiva de ideas sobre a lóxica deste primeiro Obxectivo:

- Facendo unha lectura causal do obxectivo pensamos que existe unha harmonía entre este e os resultados/actividades propostas. Porén, vendo as diferentes accións e tendo en conta o desenvolvemento das actividades nas edicións anteriores, parécenos que queda nun relativo segundo plano o traballo da **corresponsabilidade** do alumnado sendo esta unha inqueda iniciada durante a propia ideación da proposta. Seguramente sexa importante incorporar este aspecto en todas as enquisas de avaliación e informes de traballo na aula, así como nas metodoloxías empregadas co alumnado, para poder coñecer se o proxecto realmente contribuíu a un cambio de mentalidades e prácticas. Por outra banda, tamén pode ser interesante facer o exercicio de valorar o propio proceso, e dilucidar como estamos a promover esa corresponsabilidade tanto nas nosas metodoloxías coma nos nosos contidos.
- Neste sentido, dámonos conta de que a propia metodoloxía de formulación do proxecto nos impide poñer o foco no que pasa detrás dos obxectivos. **O Enfoque de Marco Lóxico, empregado nos proxectos de cooperación e ED, é unha metodoloxía de programación orientada a Resultados (é dicir, orientada a plasmar os cambios que buscamos na poboación).** É unha metodoloxía que ten virtudes evidentes pois axuda a organizar as accións de maneira lóxica e invita a buscar a transcendencia desas accións; pero tamén ten numerosas críticas. Unha das principais, e que pensamos que se ve de xeito claro neste proxecto, é que, por moi importantes que sexan eses resultados (cambios na poboación) **un enfoque exclusivo nesos efectos deixa de lado outras cuestións que tamén forman parte de calquera intervención: os procesos internos de traballo para acadar eses resultados, e a estrutura precisa para impulsar o proxecto.**

- Nesta liña, pensamos que este pode ser un bo ano para avaliar dun xeito máis sistémico o proxecto, centrando moito a mirada nos procesos que se impulsan, para poder valorar que cousas están a funcionar e que cousas son mellorables para a consecución dos obxectivos marcados.

A novidade deste ano: o intercambio con Cuba

Este proxecto ten unha relación ben fermosa coas casualidades. Conformouse a través dunha e vai medrando e medrando coa chegada doutras. Nesta ocasión a oportunidade viaxou dende o Caribe, concretamente dende a Oficina do Historiador de La Habana Vieja. Esa oficina é a responsable da restauración integral do Centro Histórico da cidade de La Habana en todas as súas vertentes. A súa actuación xira en torno a unha concepción integral do patrimonio, concibíndoo non só como o espazo físico no que se habita, senón que inclúe tamén as relacións humanas que interactúan nese espazo. Atopámonos pois ante unha institución que está a desenvolver un labor de rescate e divulgación da súa historia, promovendo a valoración e protección do patrimonio material e espiritual cubano, especialmente de La Habana.

De todas as intervencións que se impulsan dende a Oficina do Historiador, hai unha que se leva a cabo con UNICEF e que ten por título **“a+ espacios adolescentes”**. O proxecto ten como obxectivo contribuír ao desenvolvemento social integral e participativo das persoas adolescentes dende un enfoque de xénero e de dereitos; unha meta moi próxima ao obxectivo de **O Mundo que Queremos**. Esta similitude nos propósitos do proxecto foi un dos aspectos que facilitou a incorporación dunha liña de intercambios entre a illa caribeña e Galicia neste proxecto de Educación para o Desenvolvemento.

Así, o segundo Obxectivo Específico desta proposta consiste en dar:

OE2: Apoio á estratexia de desenvolvemento integral de adolescentes no centro histórico de La Habana a través do intercambio de experiencias.

INDICADORES FORMULADOS PARA A MEDICIÓN DO OBXECTIVO ESPECÍFICO 2	FONTES DE VERIFICACIÓN FORMULADAS
<p>IOV.OE2.1. O 90% das persoas vinculadas directamente con adolescentes no Proxecto e os propios adolescentes consideran que incrementaron o seu nivel de coñecementos e dominio sobre como aplicar enfoques de xénero, dereito, equidade, proxectos de vida, prevención de accidentes, metodoloxías de traballo coa adolescencia (mide percepción e mellora no traballo con adolescentes).</p>	<p>FV. 1. Lista de participantes nas actividades previstas</p> <p>FV2. Mostra audiovisual e gráfica</p> <p>FV3. Relatorías</p>
<p>IOV.OE2.2. O 70% dos adolescentes vinculados ao proxecto séntense mellor orientados para asumir opcións para o seu desenvolvemento integral. (mide contribución ao desenvolvemento integral).</p>	<p>FV4. Enquisas de satisfacción a adolescentes e talleristas.</p>

Apoiar esa estratexia implica **favorecer intercambios de apoio e experiencias na aprendizaxe do traballo coa poboación adolescente.** Para iso, contémpanse as seguintes accións:

- **Formación de especialistas e adolescentes en accións formativas sobre enfoques de xénero, dereito, equidade, proxectos de vida, prevención de accidentes e metodoloxías de traballo con adolescencia.** Resulta interesante entender os espazos formativos como contribuidores deses intercambios precisos para fortalecer a estratexia de desenvolvemento integral das persoas adolescentes. Nesta actividade, contémpase a realización de sete obradoiros para especialistas e adolescentes.
- **Misión de intercambio para coñecer experiencias de traballo coa adolescencia en Galicia.** Sumado ao encontro intercentros, esta actividade tamén vai a supoñer un grande reto para as entidades organizadoras; xa que non só van a amosarlles as técnicas de proxectos cubanas a intervención de O Mundo que Queremos, senón que poderá ser unha boa oportunidade para dar a coñecer o proxecto noutros ámbitos e espazos, aportándolles máis exemplos de traballo coa adolescencia.

- **Encontros intertalleres en La Habana**, co obxectivo de poñer en común as experiencias de cada temática abordada cos adolescentes.
- **Realizar en La Habana un obradoiro de boas prácticas no traballo coa adolescencia en Galicia**. Esta foi a experiencia de arranque deste ano, un encontro que recolleremos no último apartado deste documento por todo o que significou para o equipo.
- **Presentación integral de resultados e publicacións en formato impreso e dixital realizadas polos mozos e mozas adolescentes**. Isto celebrárase en La Habana e funciona como un espazo de encontro, aprendizaxe e rendición de contas.

Choiva de ideas sobre este segundo obxectivo

- Tal e como foi a conformación da posibilidade do intercambio con La Habana resultou unha boa idea separar en dous obxectivos que se interconectan nalgúns actividades. É un xeito ben organizado de facelo, especialmente porque o proxecto cubano xa estaba programado e na súa última fase de execución. Aínda así, se houbo unha continuidade nese intercambio, podería ser un exercicio moi interesante intentar configurar unha intervención conxunta, que se vertebre dende un único obxectivo.
- Parécennos moi interesantes as accións de presentación de resultados. Aínda que gardan paralelismo co encontro intercentros que se realiza en Galicia, o obxectivo deste último non se enfoca tanto á presentación dos resultados do proxecto, senón a amosar os produtos comunicativos que cada centro fixo. Isto pode ser entendido como resultados, pero realmente no espazo non se contesta ás preguntas de: que aprenderon os mozos e mozas?, que sentiron ao longo de todo este proxecto? Dado que este espazo vai a ser repensado, igual estaría ben incorporar esta perspectiva e que o poidan traballar as profesoras e profesores coas súas aulas.

O conto de O Mundo que Queremos:

Texto elaborado para a súa presentación no encontro de talleristas celebrado o luns, 16 de outubro de 2015 na cidade de La Habana Vieja, Cuba. Tamén foi interpretado no primeiro encontro cos centros educativos o 27 de novembro de 2015.

VOZ de María Paz, Solidariedade Internacional:

Hoxe queremosvos contar unha historia, unha historia titulada:

“O Mundo que Queremos”

Todo comeza nalgún afastado lugar do Noroeste de España, chamémoslle Galicia. E como todas as historias, a nosa ten tamén as súas protagonistas; uns seres estraños, moi estraños, chamados adolescentes... escoitastes falar deles? Din que son rebeldes, idealistas, innovadores, incomprendidos...

Si, si, eses. Vexo que vós tamén os coñecedes. Alí en Galicia tamén os temos. Din que están en todas partes. Todos os días, de luns a venres, estes estraños seres diríxense en grupo aos espazos chamados “escolas” onde teñen a obriga de aprender. E aprenden, vaia se aprenden! Matemáticas, xeografía, literatura... e tanto que aprenden que temos un mundo cheo de enxeñeiras, enfermeiros, médicas, bombeiros... pero, e cidadáns? Temos un mundo cheo de cidadáns? Cidadáns do mundo? Nesas escolas aprendían a facer, pero aprendían a ser?, aprendían a convivir?

E velaquí un grupo de tolas, tamén bastante estrañas por certo, trataron de abordar esta cuestión. Chamáronlle Educación para o Desenvolvemento. “Que é iso?”, preguntáredesvos vós... Escoitemos á voz da sabiduría:

VOZ de Aida ou dalgunha compañeira súa de Tempo de Loira

A Educación para o Desenvolvemento debe entenderse como un proceso para xerar consciencias críticas, facer a cada persoa responsable e activa, co fin de construír unha sociedade civil, tanto no Norte como no Sur, comprometida coa solidariedade, entendida esta como corresponsabilidade, e participativa, cuxas demandas, necesidades, preocupacións e análise se teñan en conta á hora de tomar decisións políticas, económicas e sociais.

VOZ de María Paz

E con isto... sinxelo, verdade? Pois con isto e despois de pensar, pensar e pensar...construímos unha idea: O MUNDO QUE QUEREMOS... o ser e o convivir tomarían as aulas!

Necesitabamos xente aliada, soas era difícil. E atopámoslos, nas propias escolas, profesoras e profesores se chamaban. Estou segura de que tamén escoitastes falar deles. Profesoras e profesores que nos abriron as portas das súas aulas e, dende alí, e con todo o poder de estar cara a cara cos nosos adolescentes, comezamos a dialogar.

A nosa primeira visita foi para contarlles quen eramos e o que queríamos. Fíxérono Ros e Paula, que xa nunca máis os abandonarían. Despois chegaron Oscar e Montse que, coas súas cámaras e gravadoras, quixeron canalizar a súa rebeldía.

Ángela chegou, e o Teatro da Oprimida foi a súa proposta, e LEVANTOUSE O TELÓN!

Pero as nosas historias non eran suficientes para abordar eses outros mundos e buscamos compañeiras que, dende Guinea Bissau, República Dominicana ou O Salvador viaxaron ata as nosas escolas e compartiron as loitas cos nosos mozos e mozas.

E xa por último, e para coñecerse e celebrar, xuntámonos todas e todos. Alumnos e alumnas, profesores e profesoras, Ros, Paula, Montse, Oscar, María, Tania, Lorena, Alicia, Aida e máis eu mesma... ninguén quixo faltar ao encontro de **O Mundo que Queremos**.



Cinco postais galegas

Este ano foron cinco os centros educativos seleccionados. Unha das aprendizaxes consensuadas do ano pasado foi que, un proxecto con tanta carga de presenza nas aulas ten un número idóneo de centros que manexar para non sobrecargar ás monitoras con horarios e quilometraxes imposibles. O primeiro ano comezouse con cinco centros, no segundo foron nove e, agora, volvemos ao número inicial.

Esta redución fixo que este ano tiveramos que aplicar os criterios de selección estipulados no Plan Proxecta pois presentáronse un total de **13 centros educativos**, algo que nos fai pensar que a proposta está a ser cada vez máis coñecida. Deses 13, catro foron participantes en edicións anteriores, unha repetición que podemos entender como un sinal de éxito da proposta, xa que é un proxecto que en cada edición traballa os mesmos contidos e metodoloxías, polo que nese sentido non ofrece novidade aos centros que xa participaron.

Debido a esta idea que se traballou moito durante a avaliación do proxecto na edición anterior, decidiuse priorizar a centros polos que nunca pasara O Mundo que Queremos. Tamén se estableceron os criterios de exclusión en función do número de alumnado que sería participante (hai centros nos que participaría moi pouco alumnado e quíxose impulsar aos que conseguisen que o proxecto chegase a máis xente). O último criterio establecido foi o de darlles preferencia a aqueles centros nos que se puidese implicar a profesorado dun maior número de materias diferentes, por coherencia cun dos propósitos do Plan Proxecta que consiste en buscar a transversalización dos proxectos en todas as materias.

Así, as compañeiras de viaxe nesta edición son cinco centros educativos asentados nas provincias de A Coruña e Pontevedra.

Por que vos animastes a participar?

- Polo bonito nome que ten o proxecto
- Pola importancia de traballar a educación en valores
- A través da experiencia de traballo con algunhas das entidades do proxecto
- Polo que vin no stand informativo nas xornadas sobre o Plan Proxecta que organizou a Consellería de Educación a finais do curso pasado.



- **As presentacións galegas de Norte a Sur**

Este ano, o proceso de diagnóstico realizouse nun único día no que se intentou xuntar a profesorado e alumnado dos cinco centros educativos para presentar o proxecto, introducir o concepto da Educación para o Desenvolvemento e facer unha pequena presentación de cada un dos centros educativos. Isto foi o que nos contaron:

Centro: IES Fernando Wirtz Suárez

Provincia: A Coruña

Localidade: A Coruña. Tamén coñecida como *A cidade de cristal*, é a segunda cidade máis poboada de Galicia. Está situada no noroeste da península, bañada polo océano Atlántico, nas rías Altas. É a capital da provincia da Coruña e a cabeza da súa comarca.


Tipo de centro: Instituto de Educación Secundaria

Oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Secundaria para Persoas Adultas, Ciclos Formativos (informática e comunicacións, administración e xestión)

Programas europeos: Accións KA1²: Consorcio coa Fundación Universidade de A Coruña para Titulados de F.P. de Grao Superior; participación no proxecto ACOREUROPA III, Becas Erasmus+.

Participaron na sesión: Un profesor e cinco alumnas

A súa postal:



2 As Accións da Key Action1 do programa europeo Erasmus+ son propostas que financian a mobilidade de persoas por motivos de aprendizaxe.

Debuxamos só un anaquiño do noso centro porque é onde estamos nós agora. Como vedes, temos aulas grandes pero con moito alumnado amontoado porque somos moitos. Despois temos a biblioteca que está moi ben e é moi grande, incluso ten unhas escaleiras porque hai un planta de arriba; e o persoal é moi agradable. Por aquí está a sala de profes, á que non lle puidemos poñer paredes. Por aquí tamén está a xefatura, co director e a xefa de estudos.

Esta é a clase de en fronte á nosa onde está o guapo de cuarto. Como non temos pavillón empregamos o do colexio Concepción Arenal, que é pequeniño pero ben nos vale. Non temos patio así que saímos á rúa e imos ao Gadis ou ao Froiz a mercar comida, e tamén imos ao parque.

Por aquí imos ás aulas e aos baños. Na parte de abaixo temos a aula de música, a conserxería e a dirección. E arriba están os ciclos de informática. Non é nada fácil faltar a clase no noso instituto. Agora acaban de impulsar unha aplicación a través da cal lle chega aos nosos pais e nais as nosas faltas e as nosas notas.

Centro: IES Urbano Lugrís

Provincia: A Coruña

Localidade: A Coruña.

Tipo de centro: Instituto de Educación Secundaria

Oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e Ciencias Sociais, e Ciclos Formativos de instalacións e telecomunicacións.

Proxectos: Erasmus+, Comenius, Siempre FP (programa de innovación que ten como obxectivo implantar un sistema de innovación orientado polas persoas nos centros de FP e o seu entorno empresarial), proxecto Granitos de arena, un proxecto medioambiental dentro do Programa Arce (Agrupación de Centros Educativos).

Participaron na sesión: Dúas profesoras e cinco alumnas

A súa postal:



Como vedes, este é a mellor postal de todas. Só fixemos a parte de diante do instituto, debuxamos o gato negro que nunca se queda, e fixemos o segundo A e o segundo B porque son os que vamos a participar no proxecto. Somos máis ou menos 600 alumnos e alumnas. Esta áncora que aparece debuxada é en referencia ao pintor Urbano Lugrís quen da nome o instituto, porque nas súas materias estaba sempre debuxada unha áncora. Tamén vemos unha palmeira voadora que está relacionada cunha hortiña que temos pola parte de atrás.

A zona do instituto é a Grela, unha zona multicultural que fai que haxa variedade de alumnado no centro. Hai un campo de fútbol e de baloncesto pola parte de atrás do instituto e, moi preto do centro, hai un tanatorio.

Centro: IES Isidro Parga Pondal

Provincia: A Coruña

Localidade: Carballo. Entre o Atlántico e as terras verdes de Bergantiños, Carballo esténdese ao longo de 187 quilómetros cadrados na entrada da Costa da Morte. É a capital da comarca de Bergantiños e conta con máis de 31.000 habitantes, dos que un 60% habita na propia vila, que conta cunha importante franxa de poboación moza.


Tipo de centro: Instituto de Educación Secundaria

Oferta educativa: Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e de Humanidades e ciencias sociais, Ciclo formativo de grao superior de Administración de sistemas informáticos en rede. Tamén ofrece Ensinanzas básicas iniciais e Educación Secundaria dirixidas ambas a persoas adultas.

Proxectos do centro: Mediación, resolución pacífica de conflitos; programa Erasmus+; programa de animación á lectura.

Participaron na sesión: Un profesor e cinco alumnas

A súa postal:



Enfocamos o debuxo dende a fronte para que se vexa ben por dentro e así podédelo visitar cando queirades. O enreixado que está pechado é a porta onde estamos todos e todas antes da clase. Aquí está a zona de aparcamento

dos coches do profesorado e a moto de Beto, un compañeiro da nosa clase. Somos un total de 640 alumnos de secundaria. Este sería o plano principal onde vemos a sala de profes, o despacho do director e por aquí as aulas de plástica e tecnoloxía. Esta sería a primeira planta e, detrás, que hai como outro edificio, estaría o ximnasio que é bastante grande, a cafetería e un patio.

Hai outro piso arriba onde están as clases. Cara un lado están as de primeiro e terceiro, cara o outro corredor as de segundo e cuarto, e por último a xente de diversificación. Tamén estarían aquí os baños, que temos moitos. Temos aínda outra planta onde estaría o bacharelato, todos os ciclos formativos que temos, todos os departamentos de cada materia, a aula de música, os laboratorios e a sala de audiovisuais.

Despois temos un pavillón moi grande cun enreixado de campo, por onde van todos os balóns, o pobre conserxe non dá a basto. E despois temos un pavillón bastante máis grande, non moi ben representado, no que vai moito frío no inverno. Hai calefacción nos vestiarios por iso sempre acabamos acatarrados cando nos toca pavillón.

Centro: CPI Aurelio Marcelino Rey García

Provincia: Pontevedra

Localidade: Cuntis. Concello situado ao noroeste da provincia de Pontevedra e pertence á comarca de Caldas. Segundo o Instituto Galego de Estadística, no ano 2014 Cuntis tiña 4.931 habitantes. Este dato indica que a localidade cuntense tende a perder poboación, pois nos datos do 2005 Cuntis contaba con 409 persoas máis.


Tipo de centro: Centro Público Integral

Oferta educativa: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria.

Proxectos: Club de lectura As Campainhas, programa Meteoescolas, forma parte da Coordinadora galega de equipos de normalización e dinamización lingüística.

Participou na sesión: Unha profesora

A súa postal:



Cuntis é un concello pequeno da provincia de Pontevedra, moi preto de A Estrada, de Caldas polo outro lado, e xa un pouco máis lonxe, Pontevedra. Tamén é un CPI e por iso contamos cun alumnado de 3 a 16 anos, que se repiten é un chisco máis. Temos un patio e un pavillón dende onde se ven zonas verdes. De feito, preto do noso centro hai zonas moi bonitas que podedes visitar cando queirades. O centro ten as aulas típicas, ten laboratorio, salas de usos múltiples, sala de informática, cafetería. Estiven pensando en debuxar unha persoa senlleira do centro; pregunteime: "en quen penso cando penso no CPI?" E esa persoa é o conserxe Paco, que sempre axuda e soluciónache calquera problemas. O número de alumnado, aproximadamente é de 300 persoas. A penas hai persoas de fóra no noso centro, temos unha alumna estranxeira que se está defendendo moi ben a nivel oral e escrito, e un rapaz do Sáhara que veu de acollida no verán e quedou.

Centro: CPI do Toural

Provincia: Pontevedra

Localidade: Vilaboa. Vila situada ao sur-oeste da capital da provincia de Pontevedra, no punto medio medio da liña recta entre Pontevedra e Vigo. Está formada por cinco parroquias: Santa Comba de Bértola, Figueirido, Vilaboa, Santa Cristina de Cobres, San Adrián de Cobres.


Tipo de centro: Centro Público Integrado

Oferta educativa: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria.

Proxectos innovadores: PROA (Plan de Reforzo, Orientación e Apoio; LAMC Programa de lingua árabe e cultura marroquí; Proxecto Bilingüe.

Participaron na sesión: Dúas profesoras e cinco alumnas

A súa postal:



Este é o noso centro. Podemos ver un campo de fútbol, un colexio, a sala de profes, a biblio, audivisuais, cafetería, na porta de atrás está o típico fumador. Todo está rodeado de árbores; no medio do monte.

Na parte céntrica do debuxo está o edificio coas aulas. Hai dous pisos, as aulas de secundaria están arriba e as de primaria abaixo. Na parte de abaixo, ao lado da aula de audiovisuais está infantil. Non nos levamos moito cos de infantil desgraciadamente porque non hai comunicación.

Hai nenos pequenos e grandes porque o colexio vai dende os 3 anos ata os 16. Debuxamos a un alumnado de cores porque proveñen de moitos países. Tamén hai algún máis grandíño que lle colleu gusto ao centro e leva varios anos na ESO.

Podemos ver tamén a horta do Toural, profesorado paseando polo centro e a persoa responsable da cafetería, Fani, unha muller moi alegre que é como a nai de todos.

As nosas postais de resposta

- Pareceunos moi interesante o espazo xerado entre os diferentes públicos do proxecto. O feito de que fosen as propias mozas e mozos, e os profesores e profesoras as que nos contasen como eran os seus centros aportou moita riqueza informativa, non só para nós, senón entre todos e todas.
- Vemos que os criterios de selección foron atinados e razoables. Porén, tamén vemos que se perdeu algo de ruralidade no proxecto vinculado a provincias do interior; faltou máis diversidade entre centros (aínda que temos dous modelos de centros ben diferentes: os IES e os CPI). Malia isto, a niveis de eficiencia e coidado das persoas, esta selección parece a máis axeitada para rematar o proxecto con folgos.
- Iniciar o proxecto cunha sesión presencial entre ONGD, profesorado e alumnado foi todo un acerto que promover en edicións futuras, non só polo seu valor educativo e de resolución de dúbidas, senón porque é un increíble motor de enerxías e ilusións (cónstanos que ata no departamento de Innovación Educativa da Xunta de Galicia encantoulles a idea). Mais é preciso harmonizar mellor estas ganas cos tempos, pois eran moitos os obxectivos propostos a acadar nunha sesión tan curta e con perfís tan variados.

Sempre hai viaxes dentro de **O Mundo que Queremos**, en todas as edicións tivemos visitas dende El Salvador, República Dominicana ou dende Guinea Bissau. Porén, nesta ocasión, as maletas e as mochilas viaxaron na dirección contraria. No mes de novembro pechábanse as cremalleiras das equipaxes galegas que voaron cara o Caribe para coñecer a unha das entidades coas que se traballará en colaboración ao longo deste curso. Velaquí o que descubrimos:

- As compañeiras

Como xa contamos máis arriba, a entidade que nos acolleu en Cuba foi a Oficina del Historiador de La Habana Vieja, unha organización que está a impulsar o proxecto **“a+ espacios adolescentes”**, unha proposta de desenvolvemento integral e participativo das persoas adolescentes en La Habana Vieja. Alí coñecemos a Nelys, Katia, Tania, María Fernanda, Lysbeth, Raidel, Lisset, Ana Lidia, Nadia, Maybel, Indira e Merlyn.

- A visita

Foron uns días intensos. A Oficina del Historiador non só xestiona o proxecto de espazos adolescentes, senón que impulsa de xeito integral unha chea de iniciativas de grande interese técnico, creativo e emancipador; e quixéronnos amosar moitas delas. Facemos unha pequena viaxe resumo sobre os proxectos máis interesantes para a nosa proposta que agocha ese pequeno punto da illa caribeña:

- ✓ **Obradoiro de intercambio de boas prácticas:** Esta foi a actividade que motivou, en parte, a nosa visita. Tratouse dun espazo formativo coas persoas talleristas dos diferentes obradoiros temáticos que se impulsan no marco do proxecto **“a+ espacios adolescentes”**. Fomos un total de 37 especialistas de Cuba e 7 de Galicia que nos reunimos no día no que se celebraba o aniversario número 496 de La Habana. Ademais da posta en común das diferentes iniciativas que impulsamos con adolescentes, traballamos dinámicas grupais para buscar estratexias de transversalización do enfoque de xénero, os dereitos humanos e a participación social.
- ✓ **As aulas museo:** Trátase dunha das iniciativas estrela da Oficina que xurdiu no ano 1995 como vía para a resolución dun problema urxente. No ano 1995 estíbese a reparar o casco histórico de La Habana Vieja e o ruído que facían os martelos pneumáticos non permitía poder darlles

clase aos nenos e nenas. A idea foi desprazar á rapazada que daba clases nos espazos en construción ao interior dos museos. O resultado foi moito mellor do esperado porque, ademais de dar as clases, os cativos e cativas relacionáronse co patrimonio dun xeito diferente porque comezaron a coñecer mellor as pezas que albergaba cada museo. Este é o éxito dunha iniciativa de educación patrimonial pola que xa pasaron 11.800 nenos e nenas e que funciona a través de dúas rotacións ao ano (de seis meses cada unha) para que a maior cantidade de nenos poidan gozar desta proposta.

- ✓ **Obradoiros de historietas:** O cómic enténdese coma a novena arte, e non se emprega só como medio de expresión artística senón como unha proposta de educación social e patrimonial. Os espazos xerados cos adolescentes no marco destes obradoiros formativos permítelles socializar as súas preocupacións, soños e emocións a través deste proceso artístico e expresivo. Ademais, a proposta inclúe unha revisión dos diferentes xéneros vinculados ao cómic e as diferentes correntes existentes (historieta norteamericana, europea, latinoamericana) para deterse dun xeito especial no cómic cubano para que poidan coñecer en profundidade o patrimonio visual da historieta en Cuba.
- ✓ **Artecorte:** Proxecto de desenvolvemento integral comunitario situado no barrio do Santo Ángel no centro histórico de La Habana Vieja (agora coñecido como barrio dos perruqueiros). Xurdiu no espazo de perruquería xestionada por Gilberto Valladares (coñecido como Papito) que conseguiu mellorar as condicións de vida do barrio incentivando iniciativas individuais e colectivas. Nós puidemos ver o funcionamento dos diferentes obradoiros de perruquería e a participación dos mozos e mozas neles. Unha das liñas da proposta consiste en capacitar aos mozos e mozas do barrio en oficios tradicionais con obxectivo de garantirlles futuros empregos.
- ✓ **Proxecto sociocultural do convento de Belén:** No antigo convento da Nosa Señora de Belén ten a súa sede a subdirección de asuntos humanitarios creada en 1997 para garantir os dereitos de alimentación e atención sanitaria a nenos, mozos e anciáns con discapacidade física e intelectual. O proxecto acolle a 1100 persoas usuarias e a súa función principal enmárcase no labor sociocultural, independentemente do apoio alimentario que se lles presta diariamente ou dos insumos clínico-sanitarios necesarios. O enorme edificio alberga un centro de día, unha farmacia, unha óptica, un centro de fisioterapia e un centro infantil para apoiar ás persoas traballadoras da Oficina del Historiador. O centro de

Belén é a matriz que nutre a catro residencias protexidas, un centro integral da terceira idade e un centro de alzheimer que ten a particularidade de non traballar sobre a enfermidade en si senón de prever mediante a reminiscencia.

- As ideas finais

O intercambio foi un xute de enerxía enorme para o equipo. Motivámonos, coñecémonos máis e regresamos cos cadernos cheos de ideas. No último día do intercambio en Cuba, tivemos un espazo de conclusións nos que compartimos as seguintes reflexións:

Foi moi interesante ser conscientes de que, independentemente dos nosos contextos, estamos a falar na mesma lingua. Entendémonos ao falar de infancia e de adolescencia e tamén ao falar de xustiza. A loita pola equidade e por conseguir un mundo máis xusto non é só unha preocupación dos países empobrecidos.

- ✓ As persoas do equipo galego sentímonos impresionadas ante a concepción do **patrimonio** que vertebra toda a intervención da Oficina e tamén ante a integralidade dos equipos de traballo. Facendo un paralelismo con Galicia, para poder achegarnos ás mesmas temáticas que unha soa oficina cubana nos amosou, teríamos que visitar, como mínimo, catro consellerías diferentes (e bastantes máis Direccións Xerais, Subdireccións, Oficinas, etc.).
- ✓ significativo deste intercambio é o **sustento conceptual** do mesmo. Ningunha acción que ideamos será nova, pero o que é significativo son as bases compartidas sobre as que estamos a construír.
- ✓ En relación ao **obradoiro de intercambio de experiencias** comprobamos que temos moita sintonía coas conclusións extraídas nas liñas de participación social e dereitos humanos. Comprobamos que debemos seguir a traballar para situar dun xeito máis contundente ás persoas adolescentes como protagonistas dos procesos e dos produtos xerados; e, dentro da cuestión dos dereitos humanos, resulta interesante abordala tamén dende un enfoque de deberes (para que todos e todas podamos gozar de dereitos, cales son os nosos deberes?).
- ✓ É algo sabido que o sistema patriarcal é global e común a todas as sociedades e culturas, mais si que foi o tema das desigualdades de

xénero un dos puntos que nos xerou máis inquedanzas como equipo ao ver que non estaba a ser traballado dende a reflexión conceptual, teórica e histórica que veñen traballando os feminismos. Pensamos que este si que pode ser un dos puntos fortes que podemos ofrecer como equipo, e iso que somos conscientes de que o noso proxecto dista moito de ser un referente nesta materia.

- ✓ Tamén foi moi interesante para nós ver **a liberdade coa que se conciben os espazos** en La Habana. Non hai encorsetamentos nas mentes, e iso posibilita que existan aulas nos museos, museos dentro de perruquerías, unha fábrica de artes que supera á grande maioría dos espazos culturais europeos que coñecemos, espazos infantís nos corredores dun convento (isto último non era por falta de lugares pechados senón porque a sensación de estar nun espazo máis amplo e aberto onde pasa a xente é moito máis educativa). Volvemos con ganas de derrubar todas as paredes, as de fóra e as de dentro.
- ✓ A experiencia da viaxe axudounos a sentirnos moito máis **equipo**. Coñecémonos mellor, tivemos moitos espazos de calidade para comentar e intercambiar ideas, desexos, inquedanzas e preocupacións. Isto sempre resulta positivo, sobre todo en grupos tan grandes onde está vinculada moita xente diferente.

- E agora, que?

Agora tócanos a nós ser anfitriños do vindeiro intercambio. Unha responsabilidade xa sabida pero que parece máis grande despois de valorar a cantidade de proxectos e iniciativas que descubrimos e que nos alimentaron ao longo da viaxe. No mesmo espazo de conclusións comezamos a trazar posibles ideas de futuro que poden ser interesantes para guiarnos de cara á organización das próximas actividades e, seguramente, de cara ao futuro do intercambio.

- ✓ **Intercambio de vídeo-cartas entre persoas adolescentes galegas e cubanas.** Dende Cuba tiveron esa experiencia en contextos televisivos para poñer en relación a mozas e mozos cubanos de cidade e de zonas rurais. Parece que pode ser unha boa idea para achegar a Cuba esa preocupación pola xustiza social que temos dende Galicia e tamén para facernos chegar as múltiples riquezas da illa do Caribe para entender que teñen moitas cousas que ofrecer, e non só que recibir.

- ✓ **Intercambio de fotografías.** En vez de empregar o formato vídeo que propoñen as vídeo cartas, outra idea comentada foi a de que os mozos e mozas cubanas fagan fotografías do seu entorno vinculadas a unha temática (por exemplo, o patrimonio, dándolles liberdade para que amosasen o que quixeran). Isto podería ser moi útil para poderllas amosar á mocidade galega.
- ✓ **Exposición que teña como fío condutor o patrimonio.** Dado que foi unha das grandes aprendizaxes que tivemos en La Habana tamén se puxo sobre a mesa levar esa concepción tan ampla e integral do patrimonio ás nosas aulas e montar unha exposición conxunta que se poida amosar tanto en Galicia coma en Cuba.
- ✓ **Publicación conxunta.** A idea sería facer un pequeno documento que recolla as diferentes experiencias xurdidas dos intercambios. Unha publicación lixeira e atractiva, con imaxes e reflexións vinculadas ás ideas que foron identificadas como valiosas polo equipo ao longo de todo o intercambio. Madurando un pouco esta idea, concluíuse que, nun principio, poderíamos pensar en dous documentos diferenciados: por un lado a propia sistematización dos encontros e, polo outro, un pequeno tríptico para as persoas adolescentes (onde poderíamos incorporar os seus debuxos, as súas frases e as súas opinións dun xeito máis atractivo).
- ✓ **Coñecemos máis.** De cara a visita das compañeiras cubanas a Galicia, si que nos solicitan ter un maior coñecemento do traballo concreto que nós realizamos coas persoas adolescentes para poder enriquecer as iniciativas que xorden dende a Oficina del Historiador de La Habana Vieja.
- ✓ **Intercambio institucional.** De cara a esa visita que nos fagan no mes de maio, resulta importante facer esforzos para que poida haber un encontro institucional con autoridades galegas. Polo menos, coas persoas responsables políticas da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, pero igual é posible atopar algún contacto máis (a nivel concellos, por exemplo).
- ✓ **Exploración conxunta de novas vías de financiamento.** A motivación dos encontros tamén fai que se propoñan ideas para que os intercambios perduren no tempo. Para iso fan falla recursos económicos e no encontro falouse de explorar vías por diversos financiadores: concellos, a propia Xunta de Galicia ou mesmo

institucións europeas (que teñen liñas de financiamento específico para propostas audiovisuais).

- ✓ **A visión antropolóxica:** Podería ser interesante indagar máis na propia construción da Oficina coma un espazo integral. As experiencias dos novos concellos chamados "do cambio" en Galicia están buscando traballar nesa liña (nalgúns casos e nalgunhas concellerías) mais vimos dunha cultura política ben diferente e pode ser moi enriquecedor coñecer a orixe dese xeito de funcionar, os comezos da Oficina e como se constrúen e xestionan ideas e propostas tan potentes.

A viaxe infinita

Se ben é certo que as nosas choivas de ideas foron empapando todo o documento, gustaríanos rematar este diagnóstico cunha serie de reflexións finais que poñen en relación o extraído deste proceso específico de indagación coas aprendizaxes xeradas en diferentes momentos da vida de **O Mundo que Queremos**.

- Sen dúbida, a proposta deste ano de facer unha xornada para abordar un diagnóstico colectivo no que poder incorporar a visión do alumnado foi un grande acerto. Debido a esa relación xerada e ao especial desta terceira edición, gustaríanos contemplar no proceso de avaliación unha metodoloxía nova: **as historias de vida**. Pensamos que pode ser un experimento ben interesante neste momento, debido a toda a información que xa manexamos e á necesidade que vemos de incorporar dun xeito máis contundente as voces do alumnado nos procesos avaliativos (facéndoo protagonista tamén da parte valorativa).
- En relación co equipo de traballo, se ben todo o arranque desta edición foi máis motivador que nunca, pensamos que é boa idea ter en conta que, de toda experiencia nova xorden ideas tolas e propostas de facer-facer-facer. É sabido que estamos ante un proxecto que sempre tivo moita carga de traballo, non só para as profesoras e profesores senón para o propio equipo. Calquera tarefa que queiramos asumir a maiores é probable que vaia a requirir dun tempo e esforzo das persoas non retribuídos polo proxecto, polo que pode ser interesante en reunións previas aos momentos de pico de traballo (visitas do Sur) facer listados de tarefas con responsables e obxectivos, e valorar as cargas de traballo dos diferentes perfís e situacións das persoas que están a traballar. Tendo en conta, iso si, que a posibilidade de viaxar a Cuba trouxo

consigo unha serie de responsabilidades que é importante ir cumprindo, por iso sería moi positivo aterrar ben as tarefas e responsabilidades.

- Vistas as canles a través das cales o profesorado se interesou nesta proposta, debemos ter en conta que as xornadas formativas que ofrece o propio Plan Proxecta a través da Consellería de Educación son un espazo de difusión importante. Parece importante estar e, ademais, ter recursos para amosar minimamente a esencia desta proposta.
- Vistas as ideas que se foron xerando ao inicio do proxecto, e as vías polas que está indo a execución; parécenos importante reforzar a idea da importancia de ter certa capacidade de anticipación e reacción con todas as cuestións relacionadas coa imaxe dos mozos e mozas (ben en fotografía, ben en vídeo) e coa súa información persoal. Trátase dun tema sensible hoxe en día e é relativamente sinxelo que se xeren inquiredanzas ao respecto. Sería importante abrir un espazo para compartir os mecanismos de protección de datos que seguramente todas as entidades estean a poñer en marcha nos seus proxectos individuais para crear un protocolo específico neste proxecto (e que vala, non só para os mozos de aquí, senón tamén para os rapaces e rapazas doutros países).
- De cara a organizar a visita das compañeiras cubanas, e tendo en conta as grandes dificultades que tivemos para transmitir os nosos posicionamentos en relación á igualdade de xénero no encontro coas persoas talleristas en Cuba (que viron dita desigualdade como algo afastado á súa realidade); parécenos importante que este tema entre dentro da súa axenda. Podemos buscar a estratexia que nos pareza máis interesante: ben falando con educadoras expertas, ben visitando algún proxecto referente; pero parece que este si que é un tema no que claramente teñen unha marxe de aprendizaxe na que podemos contribuír.
- Nesa visita tampouco nos podemos esquecer dos agasallos. En La Habana falamos da posibilidade de regalarlles un cómic en galego para a biblioteca de historietas na que se celebran os obradoiros. Pode ser interesante recuperar esta idea.
- Rescatando conclusións de edicións anteriores, poderíamos artellar o acto final de xeito que invitemos a participar a profesores e profesoras doutras edicións? Pode que non sexa viable a nivel loxístico, pero sería moi interesante retomar esa vinculación e ese contacto.

- Nesta mesma liña, poderíamos realizar un dossier das visitas do Sur que se poida enviar ás compañeiras e compañeiros de El Salvador, República Dominicana e Guinea Bissau das edicións anteriores. É posible que non teñamos resposta, pero pode ser interesante manter certos lazos comunicativos.
- Ao longo desta edición, ademais da ledicia dunha viaxe irrepetible, vivimos (case nos mesmos días) a chegada dun pequeniño que vai a ter moi ocupada á Coordinadora Educativa de O Mundo que Queremos. Dende aquí, e para que lembremos sempre a intensidade marabillosa deste curso, lanzamos de novo unha aperta de benvida ao pequeno Millán

Querida eu do futuro: agardo que nestes meses de proxecto teñas a oportunidade de conseguir que a túa clase sexa menos machista, máis igualitaria e máis aberta á igualdade de xénero. Que poidas compartir coa clase máis opinións e buscar solucións para os problemas que actualmente perviven no noso o país, como a falta de igualdade, o racismo e a pobreza.

*Adaptado da carta dunha das alumnas que participaron no diagnóstico grupal